

O sábado 18 de xaneiro a Asociación pola Igualdade celebrou, nas instalacións da Casa da Muller, unha xornada lúdico-terapéutica destinada a mulleres vítimas violencia de xénero e os seus fillos e fillas. Coas nais traballáronse ferramentas de autoprotección fronte ás situacións de violencia de xénero. Mentres, cos nenos e nenas traballouse en materia de corresponsabilidade nas tarefas do fogar, sendo eles quenes se encargaron de preparar a comida e poñer a mesa onde despos nais, fillos e fillas comerían todos xuntos. A xornada resultou moi productiva e divertidísima, e rematou cunha actividade conxunta de risoterapia, onde se buscou reforzar os vínculos socioafectivos e materno-filiais.